

A ARTE GALEGA NA IDADE MODERNA

1. O Renacemento

1.1 Contexto histórico



Ilustración 1. Hospital Real de Santiago

O Renacemento é un movemento cultural que aparece en Italia no século XV, estendéndose polo resto de Europa no século seguinte. Os renacentistas pretenden facer renacer a arte e a cultura greco-romana e volver aos ideais de harmonía e equilibrio do **mundo clásico**. Fronte ao teocentrismo medieval (Deus é o primeiro), o Humanismo pon en primeiro lugar ao home (antropocentrismo).

No artístico, recupéranse as técnicas da antigüidade, as ordes clásicas, a temática mitolóxica e a decoración antiga. O Renacemento é un dos períodos máis esplendorosos da arte en Italia que, con todo, coincide cunha etapa de crise económica e política. Dividida en numerosos estados que se enfrontan entre si, Italia vese invadida polos franceses polo norte e os españois polo sur. Só Florencia (no século XV) e Roma e Venecia (no século XVI) manteñen unha relativa prosperidade. En realidade o Renacemento é froito da nostalgia. Conscientes das dificultades do presente os italianos volven a vista atrás, á época romana na que Italia domina o mundo, e tenta recuperar o esplendor pasado.

1.2 A arquitectura renacentista

Fronte ao estilo gótico, os arquitectos renacentistas van abandonar a concepción arquitectónica gótica dun espazo ideal monumental por un novo sistema espacial suxeito á racionalidade e respectuoso cos principios de proporción e orde. Concibirán os edificios como un todo harmónico froito de cálculos matemáticos perfectos que aseguran a total simetría e equilibrio.

- Empregarase como material a pedra e o mármore. Como elementos sustentadores recupéranse: o muro, as ordes clásicas e os arcos de medio punto. Como elementos

sustentados empregan múltiples cubertas (bóveda, entablamento, cúpula). Os elementos arquitectónicos (pilastras, arcos, columnas, frontóns), sen renunciar aos casetóns, grutescos e grilandas.

- Buscan espazos interiores homoxéneos e unitarios (organizados e delimitados polas regras da perspectiva) e espazos exteriores proporcionados (acordes coa harmonía global do deseño urbanístico da cidade).
- Rompe coa verticalidade gótica para favorecer os elementos horizontais.
- En arquitectura civil, os palacios perden o seu carácter de fortaleza para derivar en palacios urbanos de forma cúbica con patio central e en vilas campestres concibidas como espazos de pracer e descanso. Ademais resaltan edificios públicos como hospitais e bibliotecas.
- En arquitectura relixiosa, mantense a estrutura de planta basilical, aínda que os arquitectos tenden o plan central (máis acorde coas influencias pitagóricas e neoplatónicas).

1.3 O Plateresco e o Herreriano

Desde a súa orixe italiana, se difunde polo resto de Europa no século XVI polo prestixio do que gozaba a arte de Italia, polas viaxes dos artistas e polo costume das elites europeas de estudar dereito en Bolonia e/ou teoloxía en Roma, cidades nas que se familiarizaban cos gustos e as actitudes estéticas que se fraguaron na Italia do século XV, actuando logo como mecenas e comitentes da nova arte nos seus países de orixe.

España é, neste aspecto, un caso algo especial xa que aquí, o Gótico, convertido na arte oficial da Igrexa, resístese a desaparecer e aínda no século XVI constrúense catedrais góticas ou se terminan as comezadas en séculos anteriores. Nas primeiras décadas do século XVI introdúcense algunhas novidades renacentistas pero conviven cos elementos decorativos típicos do gótico dando lugar a un estilo moi peculiar, o **Plateresco**, que funde estruturas renacentistas con pináculos e arcos conopiais góticos e unha decoración vexetal fina e miúda tomada da arte da prataría.

A característica fundamental que define o estilo plateresco é a profusión decorativa, que combina simultaneamente elementos de influencia italiana con outros hispanos: medallóns, escudos, balaustradas e figuras humanas, animais ou vexetais entrelazadas, conxúganse con habilidade e cobren as superficies dos edificios até disiparse as súas orixinarias liñas puras.

Un dos mellores exemplos é o **Hospital Real de Santiago**, coñecido co nome tamén de **Hostal dos Reis Católicos**. Erixido por orde dos monarcas en 1501, posúe os elementos desa nova arquitectura civil e ordénase ao redor dun patio central porticado. Concibido coma hospedería para os peregrinos, e hoxe pertencente a Rede de Paradores de España, na súa fachada podemos atopar dous medallóns coas efixies dos mecenas: Isabel e Fernando. Outro exemplo de arquitectura civil plateresca é o **Pazo de Fonseca**, onde no s. XVI, o arcebispo centralizou os estudos eclesiásticos da cidade e que, hoxe, pertence a Universidade de Santiago empregándoo coma Biblioteca Xeral da universidade.

A eliminación da decoración plateresca e a asunción consciente dos principios da arte do Renacemento non se produce até mediados do século XVI e, é obra da denominada corrente purista encabezada polos arquitectos Juan de Herrera (El Escorial) e Pedro Machuca (Palacio de Carlos V na Alhambra). Pertencente ao estilo **Herreriano** temos en Galicia o **Colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte**, coñecido coma o Escorial galego. O seu estilo caracterízase polo seu rigor

xeométrico, a relación matemática entre os distintos elementos arquitectónicos, os volumes limpos, o predominio do muro sobre o van e pola ausencia case total de decoración.



Ilustración 2. Colexio da Nosa Señora da Antiga de Monforte

2. O Barroco

2.1 Contexto histórico

Se o século XVI europeo caracterízase polos conflitos derivados das tensións da Reforma e Contrarreforma, o século XVII vaise a caracterizar: polas loitas entre os Habsburgo e os Borbóns para impor a hexemonía, pola Guerra dos Trinta Anos e por unha profunda e longa depresión económica que afecta a todos os sectores da economía.

Neste contexto de conflitos, fame e miseria, vai ter especial importancia para a evolución da arte o auxe das tendencias absolutistas na forma de exercer o poder. Os papas pretenden establecer unha férrea disciplina moral, dentro da Igrexa católica, sobre aquelas zonas de influencia do catolicismo. Cada Papa vai recorrer á arte para tentar reafirmar e asombrar aos fieis co seu poder. A **igrexia contrarreformista** busca exaltar a virtude da caridade e revitalizar o culto aos santos e aos mártires. Os monarcas tratan de impor e asombrar aos seus súbditos impresionándoos cos seus palacios e xardíns, cos edificios públicos, co esplendor da corte e o urbanismo da capital; por tanto, cada rei fomentará o urbanismo e a monumentalidade da arquitectura civil para fortalecer a súa imaxe e poder.

A arte barroca é un estilo que se xesta xa no século XVI, ten o seu esplendor no século XVII e esténdese a parte do século XVIII. O berce do Barroco está en Roma, desde onde se difundirá con rapidez ao resto de Europa.

Podemos considerar como características básicas deste novo estilo:

- Estar asociado á Contrarreforma e ao Absolutismo, polo que é unha arte de propaganda.
- Abandonar o principio renacentista de beleza e de harmonía para centrarse na procura da expresividade, chegando mesmo ao patetismo.
- Mostrar gran interese polo dinamismo, asociado á idea de fugacidade da vida.

Para conseguir o seu obxectivo de impresionar e conmover ao home, a arte barroca vai recorrer a mobilizar o sentimento do espectador, xoga cos seus sentidos, idea enganos e marcos teatrais, en se practica o ilusionismo.




Ilustración 3. Interior de San Bartolomé de Pontevedra

2.2 A arquitectura barroca

No Barroco o artista entende o edificio como unha masa compacta na que a beleza radica no movemento. Isto traerá como consecuencia que o arquitecto:

- Abandone os esquemas simples e elementais do Renacemento: empregando plantas elípticas, ovaladas e en xeral formas xeométricas complexas, liñas curvas e mixtas e superficies ondulantes.
- Introduce a idea do movemento ondulando ós interiores, ás fachas e ós elementos arquitectónicos. Válese da columna salomónica, dos frontóns partidos, do ovalo, das grandes volutas, etc.
- Utiliza a luz para disolver as formas arquitectónicas: iluminando unhas zonas e deixando outras en escuridade, faio construíndo entrantes e saíntes.
- Emprega elemento arquitectónicos moi variados: utiliza distintos tipos de arcos (elípticos, mixtilíneas) e de soportes (cariátides, atlantes, piastras e grandes columnas salomónicas).

- Crea un espazo interior que dá sensación de inmensidade: introducindo espazos ficticios baseándose en xogos de iluminación e bóvedas pintadas conseguindo que as miradas se prolonguen cara ao infinito.

Os edificios máis importantes seguen sendo as igrexas e os palacios, as formas artísticas do Barroco creáronse en Italia, polo que é alí onde se atopan os primeiros prototipos de edificios barrocos, especialmente igrexas e palacios.

- A **arquitectura relixiosa**: as igrexas barrocas construíronse cunha gran diversidade de plantas: as máis frecuentes eran dunha soa nave, capelas laterais, ábsida simple e cúpula sobre o cruceiro; os grandes templos preferían este esquema lonxitudinal ou de cruz latina con centro marcado por unha cúpula. As igrexas de menor tamaño preferían plantas centrais e deseñaron ovais, circulares, elípticas ou cruciformes. Os templos, como todos os edificios, escapaban da visión frontal, e deron gran importancia á profundidade; mesmo souberon aproveitar os desniveis do terreo para dotalos de monumentais escaleiras.
- Os **palacios e as residencias**: o palacio barroco é un edificio cadrado e pechado, con algunhas excepcións nas que se articula en forma de H. Mantense o principio de superposición de ordes. O prototipo é o palacio Barberini, no que se superpoñen as tres ordes, con arcadas e galerías provistas de xanelas e cun pórtico na planta baixa.
- O **urbanismo**: para o arquitecto barroco a preocupación non era só o edificio senón tamén o espazo exterior cobrando gran importancia o urbanismo, no que vai destacar as prazas e os xardíns. Pero fronte ao urbanismo renacentista, que buscaba unha cidade á medida do home, o urbanismo barroco tenta que a cidade sexa unha imaxe do poder do gobernante: un símbolo do Absolutismo). O prototipo urbanístico xurdiu en Roma con propostas de Sixto V (abríronse amplas rúas que conducían aos lugares santos da cidade, unindo os enclaves arquitectónicos e as basílicas da cidade. A urbanística barroca baseouse no antigo sistema de taboleiro de xadrez ou radial, aínda que proporcionaron outras solucións máis animadas e escenográficas nas que predominan os semicírculos e as grandes arterias converxentes en abanico en prazas monumentais.

2.3 O Barroco español

Desde o final do esplendor da política de Felipe II, a fins do século XVI, ata o cambio dinástico de Habsburgos por Borbóns, no tránsito ao século XVIII, desenvólvense en España dúas situacións contraditorias: Por un lado vívese unha crise económica, a decadencia política e a perda da hexemonía en Europa e, por outro, mantense unha aparencia de esplendor económico e de grandeza político-militar.

O século XVII en España caracterizouse por unha crise múltiple (descenso da chegada dos metais preciosos de América, validos, corrupción administrativa do Estado, participación na Guerra dos Trinta Anos, fracasos dos Habsburgo ante os Borbóns) en contraste cun momento de esplendor cultural intenso (Cervantes, Quevedo, Velázquez)

Neste contexto a Igrexa, os monarcas e a nobreza para reforzar a aparencia do seu esplendor apoian a creación artística exercendo como mecenas. Pero, para o Barroco español, será clave a actitude dos monarcas Habsburgo, en especial Felipe IV, pois dedícase a realizar coleccións reais de pintura e a encargar reformas nos seus pazos. Coa chegada dos Borbóns, os novos monarcas abandonan o apoio ós artistas barrocos e favorecen ós neoclásicos de orientación francesa.

2.4 O urbanismo barroco en España

A diferenza de Europa, en España non se fan grandes creacións urbanísticas nin edificios singulares, debido á situación de depresión económica e social tan difícil que se vivía, non hai cartos e isto reflectirase no urbanismo.

Na arquitectura civil só é destacable a realización dalgúns concellos e prazas maiores, xa que, cos Habsburgo, non haberá grandes plans urbanísticos que remodelen os barrios vellos e os materiais que se empregan para realizar obras serán pobres. Como moito, ó longo do XVII, desenvólvese o modelo de praza maior como lugar de reunión artesanal, centro cidadán, espazo para espectáculos (tours, teatro, ...): estas prazas soen ser de planta rectangular e teñen vivendas nos laterais que lle dan uniformidade polas súas fachadas similares. Ata o XVIII, cos Borbóns, non haberá grandes cambios nas cidades.

Na arquitectura relixiosa os arquitectos, gracias ao auxe de certas compañías relixiosas, como os xesuítas, que necesitaron novos edificios, construíron igrexas inspirándose en modelos herrerianos e empregaron materiais pobres (salvo Galicia) combinando ladrillo con perpiaños nos ángulos e fachadas. Nas fachadas destacan as torres con chapiteis e a decoración, nos interiores haberá grandes retablos dourados ou policromados con formas complicadas. As construcións serán pouco innovadoras seguindo o modelo xesuítico.

En España haberá diversos focos de arquitectura barroca como: Madrid, Valladolid, Salamanca, Sevilla e Galicia. A arquitectura barroca galega foi unha excepción, pois neste período van construírse pazos, igrexas, mosteiros, etc. ata o punto de provocar a perda da súa imaxe medieval.

2.5 O Barroco compostelán

A partir de metade do século XVII o Barroco, vai supor un dos momentos de maior esplendor da arte galega, sobre todo en arquitectura. Galicia vive nestes momentos unha febre de transformacións arquitectónicas e urbanas que curiosamente coinciden cun período de estancamento económico. Os únicos que gozan de enormes beneficios son os membros do clero (favorecidos polo sistema de arrendamentos en foros) e esta situación económica favorecerá que acometan obras de remodelación de vellos construcións ou creación de outras novas. É destacable o papel do Cabido de Santiago de Compostela.

Xa no século XVIII haberá unha certa recuperación económica en Galicia. Neste período a fidalguía construírará pazos tanto urbanos como rurais, dándolle un novo impulso á arquitectura civil.

No conxunto de Galicia destacarán as obras de remodelación feitas en Santiago de Compostela, por arquitectos como **Domingo de Andrade** e **Fernando de Casas Novoa**, que contribuirán a renovar a cidade. Esta intensa actividade construtiva en Galicia, só comparable ás realizacións do románico, comeza no ano 1649 que é o momento en que entra a formar parte do Cabido de Santiago don José de Vega e Verdugo.

Os arquitectos do XVIII, tras as bases postas por autores como Andrade, centraranse en conseguir novos e audaces presentacións espaciais, desafiando as leis da estática e da lóxica construtiva e potenciando unha abundante e vibrante decoración. En concreto Casas Novoa, que desenvolverá a súa actividade na primeira parte do XVIII, tomou o sentido decorativo de Andrade e a tendencia ó monumental de Gabriel de las Casas. Entre as súas obras destacan o retablo de San Martiño Pinario e a Fachada do Obradoiro, en Santiago. En clara oposición á tendencia ornamental de Casas Novoa destaca a figura de **Simón Rodríguez**, que tomou o interese polo volume e polas estruturas arquitectónicas de Andrade, tende a valorar máis o material en si mesmo, transformando o granito en formas xeométricas (converténdoo nun elemento volumétrico desafiante da estática clásica). O seu xeito de facer denomínase **Barroco de Placas** e a súa obra máis importante a Fachada do convento de Santa Clara, en Santiago.

Fóra de Santiago cabe destacar a obra de **Pedro de Monteagudo**, que comezaría traballando na reforma do Mosteiro de Oseira, pero cuxa obra cumio é o **Mosteiro de San Xoán de Poio**. Outro bo exemplo do barroco é a igrexa nova do **Mosteiro de Sobrado dos Monxes**.

A fachada do Obradoiro

A partir de metade do século XVII o Barroco, vai supor un dos momentos de maior esplendor da arte galega, sobre todo en arquitectura. Galicia vive nestes momentos unha febre de transformacións arquitectónicas e urbanas que curiosamente coinciden cun período de estancamento económico. Os únicos que gozan de enormes beneficios son os membros do clero (favorecidos polo sistema de arrendamentos en foros) e esta situación económica favorecerá que acometan obras de remodelación de vellas construcións ou creación de outras novas. É destacable o papel do Cabido de Santiago de Compostela.



Ilustración 4. Fachada do Obradoiro

Xa no século XVIII haberá unha certa recuperación económica en Galicia. Neste período a fidalguía construír pázos tanto urbanos como rurais, dándolle un novo impulso á arquitectura civil.

No conxunto de Galicia destacarán as obras de remodelación feitas en Santiago de Compostela, por arquitectos como **Domingo de Andrade** e **Fernando de Casas Novoa**, que contribuirán a renovar a cidade. Esta intensa actividade construtiva en Galicia, só comparable ás realizacións do románico, comeza no ano 1649 que é o momento en que entra a formar parte do Cabido de Santiago don José de Vega e Verdugo.

Os arquitectos do XVIII, tras as bases postas por autores como Andrade, centraranse en conseguir novos e audaces presentacións espaciais, desafiando as leis da estática e da lóxica construtiva e potenciando unha abundante e vibrante decoración. En concreto Casas Novoa, que desenvolverá a súa actividade

na primeira parte do XVIII, tomou o sentido decorativo de Andrade e a tendencia ó monumental de Gabriel de las Casas. Entre as súas obras destacan o retablo de San Martiño Pinario e a Fachada do Obradoiro, en Santiago. En clara oposición á tendencia ornamental de Casas Novoa destaca a figura de **Simón Rodríguez**, que tomou o interese polo volume e polas estruturas arquitectónicas de Andrade, tende a valorar máis o material en si mesmo, transformando o granito en formas xeométricas (converténdoo nun elemento volumétrico desafiante da estática clásica). O seu xeito de facer denomínase **Barroco de Placas** e a súa obra máis importante a Fachada do convento de Santa Clara, en Santiago.

Fóra de Santiago cabe destacar a obra de **Pedro de Monteagudo**, que comezaría traballando na reforma do Mosteiro de Oseira, pero cuxa obra cumio é o **Mosteiro de San Xoán de Poio**. Outro bo exemplo do barroco é a igrexa nova do **Mosteiro de Sobrado dos Monxes**.

A Torre do reloxo ou Torre Berenguela



Ilustración 5. Torre Berenguela vista desde Praterías

Realizada baixo a dirección de **Domingo de Andrade**, coñécese tamén como a torre Berenguela. Unha vez que marcha Vega e Verdugo de Compostela deixou implantado un novo gusto e unha nova xeración de arquitectos entre os que destaca Andrade, nacido en Cee en 1639, arquitecto erudito de formación retablística.

Andrade está dotado de forte personalidade creativa e espírito innovador con respecto ás ideas clasicistas. As súas obras están dotadas de monumentalidade e un peculiar sentido decorativo naturalista baseado en pámpanos, acios, froiteiros, escudos, trofeos militares, ... que serán imitados durante anos. Nas súas obras o oco desempeña un importante papel na estrutura arquitectónica.

A Torre do Reloxo é un dos primeiros encargos feitos a este artista onde se nota a súa formación retablística. Tivo que construíla sobre unha anterior do século XIV e aproveitou o primeiro corpo onde levantou unha estrutura cúbica de menor superficie con catro templetes circulares nas esquinas, e, logo, un corpo octogonal cos mesmos templetes. Tamén coloca balaustrada, ventás e tambor que sostén a cúpula, lanterna e cupuliña en tamaño decrecente.

O barroquismo estriba en ser unha torre dinámica, aberta, onde o oco ten presenza e domina unha decoración naturalista característica do autor (sartas de froitas). A torre contribúe coa súa verticalidade a romper coa horizontalidade das prazas adxacentes da Quintana e de Praterías.

A fachada do convento de Santa Clara

Obra do arquitecto **Simón Rodríguez** en 1719, é un dos edificios máis audaces do barroco en España xa que se trata dunha fachada ficticia trala cal non se atopa a igrexa, senón simplemente a portería do convento e un pequeno xardín polo que se accede ó recinto relixioso.

A fachada é concibida coma un gran retablo dividido en tres corpos e en tres rúas. A ornamentación da fachada concéntrase no medio e aumenta de volume a medida que ascendemos. Na rúa central localízase a porta, sobre ela un antigo balcón e logo un oco semicircular onde se coloca a figura de santa Clara; estes dous últimos ocos teñen en común un encadramento que os rodea, feito con vigorosas volutas que ascenden, e mestúranse con placas rectangulares e circulares postas en diferentes planos.

O remate é un frontón semicircular crebado que alberga o escudo franciscano e unha decoración naturalista. Chama a atención o remate con tres grandes cilindros quizás por influxo manierista, hai autores que destacaron a presenza destes cilindros en relación ós tres ocos que aparecen no antigo balcón e tres molduras en torno a figura de Santa Clara, dándolle un posible sentido simbólico.

Simón Rodríguez logra, pois, unha fachada audaz, anticlásica á que aplica o estilo de placas, diferente a todo o que se está facendo no resto da península.

A Casa do Cabido

Proxectada polo arquitecto do barroco galego Clemente Fernández Sarela, data do ano 1758. A Casa do Cabido é un edificio construído no século XVIII e concibido para o embelecemento urbano con obxecto de adornar a Praza de Praterías. É un dos mellores exemplos da función escenografía da



Ilustración 6. Casa do Cabido

arquitectura e o urbanismo barroco, xa que con pouco máis de tres metros de fondo ten coma función soamente pechar un dos lados da bela praza a modo de pano de fondo, co seu típico estilo de placas do barroco galego.

2.6 Arquitectura civil

En canto á arquitectura civil o máis salientable en Galicia son os pazos, edificacións que mostraban o prestixio da nobreza e, especialmente, da fidalguía galega. Os **pazos de Fefiñáns, de Oca e de Santa Cruz de Ribadulla** son dos mellores expoñentes.



Ilustración 7. Pazo de Fefiñáns

2.7 A escultura barroca




Ilustración 8. San Bartolomé de Francisco de Moure

talladas en madeira (**imaxinaría**) que posteriormente se policroman. Entre os traballos máis destacados están os retablos para altares de igrexas onde aparecen figuras exentas e en baixorrelevo. Os temas mitolóxicos e profanos están ausentes e só no ámbito da corte dáse escultura monumental. En Galicia as obras de **Francisco de Moure**, **Gregorio Fernández** e **Mateo de Prado** son os mellores exemplos desta manifestación plástica.

3. O Neoclasicismo

O Neoclasicismo xorde coma reacción ao Barroco e foi un movemento cultural, artístico e literario orixinado en Italia que se desenvolveu na Europa desde mediados do século XVIII e durou até ás primeiras décadas do século XIX, en que foi substituído polo Romanticismo. Asíciase coa recuperación da cultura clásica de Europa e as súas manifestacións máis notorias danse na

As características xerais da escultura barroca son as seguintes:

- A súa misión propagandística da fe católica, por iso é polo que o tema máis cultivado sexa o relixioso; tamén o tema humano e heroico, presente na escultura funeraria e estatuas ecuestres; os temas alegóricos para as fontes monumentais, e o tema mitolóxico para palacios e xardíns.
- A tendencia ao movemento que se proxecta cara a fóra; atopamos panos que flotan no aire, composicións en aspa e unha articulación expresiva en mans e brazos. A escena fíxase no momento de maior intensidade dramática e represéntase en puras escenografías.
- A predilección pola forma *serpentinata*, é dicir, o corpo humano captado no momento en que realiza un movemento en espiral como consecuencia dun movemento de rotación.
- Os violentos xogos de luces e sombras, a través da roupaxe, pelo, etc.
- Téntase lograr un naturalismo que fai tratar o bronce e o mármore de formas diversas para conseguir as calidades e estruturas da carne.

En España, e en Galicia por extensión, predominan as imaxes relixiosas

arquitectura. Esta admiración pola antigüidade grecorromana rexurdiu coa Ilustración francesa. Esta retomou os ideais de proporción, orde racional e beleza.

Mais esa atracción por construír o fermoso e proporcionado (que xa se dera no Renacemento) complementábase cun rexeitamento da decadencia aristocrática que se manifestaba no Barroco e no Rococó, así como do papel hexemónico da relixión, que eran o seu soporte ideolóxico. O neoclasicismo focalízase no civil da arquitectura antiga, dá paso ao mundo pagán e agrégalle ciencia á emoción. É un movemento da clase media ilustrada, que prefire o normativo, disciplinado e austero, contra a aristocracia.

O neoclasicismo español bebe das fontes do neoclasicismo francés, que, a diferenza doutros lugares europeos, escolle mirarse na tradición romana en troques da grega. No caso de Galicia temos varios exemplos significativos.



Ilustración 9. Fachada de Acibecharía

- O **Arsenal Militar de Ferrol** constitúe a materialización do deseño ilustrado, unha orde racionalista definida arredor de dúas ideas coma son a de arte e tamén de ciencia: unha dársena con capacidade para setenta buques e os seus diques, almacéns e obradoiros. Esta construción cumpría unha dobre función, por unha banda a función defensiva propia e de cidadela da Praza de Ferrol ante un posible ataque por terra, e, por outra, mostrar o poder dos Borbóns. Cabe destacar que este estilo foi introducido polos enxeñeiros que levaron a cabo as reformas borbónicas.
- A **Fachada da Acibecharía**: rematada en estilo neoclásico sobre a matriz barroca por **Domingo Lois de Monteagudo**, autor do Pazo de Bóveda en Lugo e iniciador no neoclasicismo en Galicia (xunto cos enxeñeiros reformistas), tamén é un dos mellores exemplos inserto na propia Catedral de Santiago, exemplo da evolución arquitectónica galega.
- A reforma da **Torre de Hércules**: de orixe romano este faro foi destruído na Idade Media. No reinado de Carlos III realizouse a reconstrución completa. A obra neoclásica terminouse en 1791 baixo a dirección de Eustaquio Giannini.
- As **Casas de Paredes** na Coruña ou o **Arquivo do Reino de Galicia** en Betanzos son

boas mostras do estilo neoclásico galego. As casa de Paredes son un intento de reforma urbanística do barrio portuario coruñés coa intención de mellorar a súa salubridade. Podemos ver aquí a súa vocación ilustrada. No caso do Arquivo Real De Galicia, proxectado baixo orde de Carlos III, nunca chegou a funcionar para o seu cometido orixinal. Construído con sete cúpulas, cada unha estaba destinada a gardar a documentación de cada unha das sete provincias que compoñían a Galicia preisabelina.

Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1. Hospital Real de Santiago	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 2. Colexio da Nosa Señora da Antiga de Monforte	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 3. Interior de San Bartolomé de Pontevedra	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 4. Fachada do Obradoiro	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 5. Torre Berenguela vista desde Praterías	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 6. Casa do Cabido	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 7. Pazo de Fefiñáns	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 8. San Bartolomé de Francisco de Moure	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 9. Fachada de Acibecharía	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia: